



<http://obuxato.jimdo.com/>

[o.buxato.anpa.o.feal@gmail.com](mailto:o.buxato.anpa.o.feal@gmail.com)

MOVIL E WHATSAPP +34 608 686 937

Dende a Directiva do ANPA O Buxato queremos darvos a benvida a este novo curso que comezamos.

Esta directiva vaise, e vemos que todo o traballo feito vai camiño de perderse xa que ninguén quere coller o relevo, non hai un mínimo de compromiso co ANPA, ben sabedes que todos os socios somos o ANPA, pero parece que so é ANPA a directiva e o resto dos socios nin están nin se espera que aparezan, a asemblea de xuño tivo 12 asistentes 9 da directiva e 3 nais e pais socios, o ANPA formábana nese momento case 600 nais e pais, non vos parece moi pouco compromiso???

Chegou o momento de que algúns de vós deades un paso adiante e tomedes o relevo, necesitase xente e ideas novas que continúen con este traballo polo benestar das nenas e nenos do CPI do Feal.

Por todo isto de non incorporarse novos membros a esta xunta directiva na Asemblea Xeral Ordinaria que celebraremos o 5 de novembro, **o servizo de almozos deixara de prestarse co vencemento do actual convenio co Concello de Narón que será o 31 de decembro de 2021.**

Dada a situación sanitaria actual, de non variar os protocolos existentes en educación, durante o curso tampouco se organizarán actividades extraescolares, excursións nin actividades culturais ou festivas, ,

Por todas estas circunstancias a cota da ANPA será un ano mais **10 € por familia** e so se poderá aboar mediante un ingreso ou transferencia na nosa conta de ABANCA con **IBAN ES13 2080 0202 3630 4000 0759.**

**No ingreso deberedes indicar o nome dos nenos e o curso.**

Si no curso 20-21 **non fúchedes socios** tedes que entregar na conserxaría do centro ou enviarnos o noso correo electrónico a folia de inscrición cuberta

**MOI IMPORTANTE** ata o momento de recepción da folia de inscrición non se fará efectiva a alta como socio.

Para calquera consulta ou aclaración sempre estamos dispoñibles no whatsapp ou no correo electrónico, e tentamos de contestar o mais rápido que nos é posible.

Narón, a 30 de Setembro de 2021.



**A directiva do ANPA O BUXATO CPI do FEAL**

**A.N.P.A O BUXATO  
C.P.I O FEAL  
NARÓN**

o.buxato.anpa.o.feal@gmail.com

**Instrucións:**

Completar o formulario e entregar no momento de pagar a cota anual, ou enviar por email o correo da ANPA no caso de facer o ingreso no banco

**FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN SOCI@S**

**CURSO**  /

| DATOS FAMILIARES  |       |                 |                    |      |  |
|---|-------|-----------------|--------------------|------|--|
| Nai <input type="checkbox"/> Pai <input type="checkbox"/> Titor/a <input type="checkbox"/> (marcar cunha X a opción correcta) |       |                 |                    |      |  |
| Primeiro apelido  |       | Segundo apelido |                    | Nome |  |
|   |       |                 |                    |      |  |
| DNI ou NIE  | Móbil | Teléfono fixo   | Correo electrónico |      |  |
|   |       |                 |                    |      |  |
| Nai <input type="checkbox"/> Pai <input type="checkbox"/> Titor/a <input type="checkbox"/> (marcar cunha X a opción correcta) |       |                 |                    |      |  |
| Primeiro apelido  |       | Segundo apelido |                    | Nome |  |
|   |       |                 |                    |      |  |
| DNI ou NIE  | Móbil | Teléfono        | Correo electrónico |      |  |
|   |       |                 |                    |      |  |

| FILL@S MATRICULAD@S NO CENTRO |                 |      |                   |                  |
|-------------------------------|-----------------|------|-------------------|------------------|
| Primeiro apelido              | Segundo apelido | Nome | Data de nacemento | Curso a realizar |
|                               |                 |      |                   |                  |
|                               |                 |      |                   |                  |
|                               |                 |      |                   |                  |
|                               |                 |      |                   |                  |

| DOMICILIO FAMILIAR         |        |      |       |           |
|----------------------------|--------|------|-------|-----------|
| Tipo e nome da vía pública | Número | Piso | Porta | Poboación |
|                            |        |      |       |           |

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade da ANPA O BUXATO CPI O FEAL. Todos os datos facilitados utilizaranse exclusivamente para a xestión de altas/baixas das súas soci@s e a comunicación directa entre a Asociación e @s interesad@s. A partir do alta recibirá información relativa á ANPA e ao Centro na dirección de correo facilitada. En ningún caso cederanse a terceiros salvo para facilitar as listaxes de alumn@s aos organizadores das actividades extraescolares. A listaxe de socios co nome da nai, do pai, do titor/a poderá publicarse na web da ANPA. Os interesados poderán exercer o dereito de acceso, rectificación e cancelación, se así o solicitasen, no local da ANPA ou por correo certificado a: ANPA O BUXATO Rúa Río Seco S/N Narón 15572.

- Autorizo a ANPA O BUXATO a publicar a imaxe do meu fillo na súa páxina web e no seu facebook. A publicación da imaxe será so a efectos informativos.

Narón, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.: Nai, Pai , Titor/a

Asdo.: Nai, Pai Titor/a